

A procesión do Carme sairá este 15 de xullo de San Xiao

A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades celebrará o vindeiro 15 de xullo, por tercer ano consecutivo, a procesión da Virxe do Carme. O desfile partirá desta volta desde a concatedral de San Xiao

e irá acompañada pola música da banda Acotaga. Está previsto que ás 19.00 horas se celebre un acto mariano no interior do templo e que a continuación saia a comitiva polas rúas Igrexa, Sán-

chez Barcáiztegui, Real e San Francisco, para entrar no Arsenal pola Porta do Parque. Celebrarase alí unha ofrenda floral e a imaxe quedará a pasar a noite para os actos do día seguinte. •

Pax. 4

Os 75 anos do Cristo dos Navegantes celebráronse cunha extraordinaria

A choiva da tarde do Mércores Santo arruinou a intención da Confraría da Soidade de celebrar os 75 anos do Cristo dos Navegantes durante a tradicional procesión. Pero a irmandade puido resarcirse o pasado 4 de maio cunha extraordinaria que fixo o percorrido tradicional polas rúas de Ferrol Vello e que entrou no Arsenal cos honores habituais. A imaxe de Enrique Carballido, que procesiona en Ferrol desde 1949, estivo acompañada pola música da Agrupación Musical do Cristo da Boa Morte, que tocou "A morte non é o final" ao pé do peirao militar e durante unha ofrenda floral. •

Pax.7



A Semana Santa relanzou o seu lado social nunha edición agridoce

O adxectivo empregado ao evaluar a pasada Semana Santa foi "agridoce". Parte do procesionario tivo que ser suspendido pola choiva, pero neste ano 2024 as confrarías relanzaron o seu lado social con novas iniciativas solidarias que reforzaron a lectura positiva do evento. •

Pax. 4 e 5

A Confraría das Angustias entregou as súas insignias o día da patroa

Pax. 4

O futuro Cristo do Desencravo será unha réplica exacta do antigo

Pax.5

Dolores publicou un número máis da súa revista Mater Misericordiae

Pax.6

As irmandades colaboran para ter igrexas abertas aos peregrinos

Pax. 7

El trasfondo social de la Semana Santa brilló en un año deslucido por la lluvia

El trasfondo social de la Semana Santa de Ferrol salió este año a relucir especialmente a la hora de hacer balance. Tras una Pasión “agridulce” por las seis procesiones que tuvieron que ser suspendidas entre el Miércoles y el Jueves Santo y las que recortaron su recorrido por la lluvia, las cofradías buscaron la nota positiva en sus iniciativas solidarias, algunas de larga tradición y otras incorporadas en este 2024.

Es el caso de la Merced, que por primera vez llevó las flores de la Cautiva a la residencia Mi Casa en la mañana del Jueves Santo para repartirlas entre los residentes. La cofradía resaltó la unión y hermandad de sus cofrades en el interior de la capilla la tarde del Miércoles Santo, ante la cancelación de su procesión. Una tarde en la que Acotaga también quiso estar presente y acompañar a la Cofradía interpretando varias marchas a las puertas de la capilla.

Por su parte, la Hermandad del Santo Entierro celebró el haber podido realizar con normalidad la ceremonia del Desenclavo, a pesar de tener que acortar posteriormente el recorrido del San-



Récord en el día de la Caridad

La Cofradía de las Angustias celebra cada Sábado Santo la acción de caridad de más tradición de nuestra Semana Santa. La hermandad abre las puertas de su santuario desde las nueve de la mañana hasta la salida de la procesión de la Caridad y el

Silencio para ofrecer a los fieles las flores de sus pasos a cambio de un donativo con destino al refugio Pardo de Atín. En este 2024 batió un nuevo récord reuniendo 6.076,64€, la cantidad más alta en los 68 años de historia de esta recaudación.

to Entierro por la lluvia. La Hermandad inauguró otra acción solidaria, entregando las flores del Yacente, a cambio de un donativo, durante el Sábado Santo. Recaudó unos 700€.

La Cofradía de Dolores recaló lo difícil que fue cancelar la procesión del Jueves Santo, la pro-

cesión en la que participan más tronos, tercios y cofrades, pero también destacó el balance positivo de los 1.600€ reunidos a cambio de las flores de los pasos y los 260 kilos de alimentos no perecederos recogidos durante la Semana Santa en los locales de los tercios.

La Cofradía de las Angustias lamentó que no pudieran salir sus procesiones del Miércoles y el Jueves Santo. Pese a esto, la Cofradía subrayó los buenos datos de recaudación obtenidos un año más en la jornada del Sábado Santo.

Para la Cofradía de la Soledad esta Semana Santa fue la última de José Evia, su hermano mayor durante casi treinta años. Aunque por estatutos no se puede divulgar la cantidad, apuntó en esta rueda de prensa en la que tanto pesó la acción social de la Semana Santa que la Soledad destina el 10% de la recaudación por el reparto de los hábitos a beneficencia. •

Las retransmisiones por streaming y las redes sociales llegaron todavía más lejos

Pese al mal tiempo, los streamings de las procesiones ofrecidos por nuestros comentaristas batieron récord de seguimiento este año. Sumaron, durante la Semana Santa, 111.000 visualizaciones y se registraron picos de 800 personas siguiendo simultáneamente una procesión. El canal de YouTube de la Junta supera ya los 2.000 suscriptores, y cuenta con seguidores de una sorprendente variedad de países, entre los que destacan Camboya, Malasia, Vietnam o Arabia Saudí.

En cuanto a las redes sociales, el volumen total de impresiones de los perfiles de la Junta General de Cofradías ascendieron durante la Semana Santa a 501.400, desglosados en 186.790 impresiones en Face-



book, 219.040 en Instagram, 35.030 en X y 60.540 en TikTok. Con estos datos, el presidente de la Junta de Cofradías, César Carreño, señaló que “vamos por el buen camino, porque esta es una forma de acercar la Semana Santa de Ferrol al mundo”.

Cabe destacar la repercusión que tuvo la Pasión ferrolana en los medios de comunicación de ámbito nacional e incluso internacional,

en parte debido a la “viralización” de una artificial polémica en torno a cuál es la mejor Semana Santa de España. Como curiosidad, incluso el canal de televisión NTN24 Internacional, que llega a más de 40 millones de espectadores de toda América Latina, emitió en la tarde del Miércoles Santo una entrevista con César Carreño jalonada de imágenes de los mejores momentos de nuestra Semana Santa. •

Nuevo logo y señales turísticas

La Semana Santa de Ferrol estrenó este año un logo que la identifica más con la ciudad, en el que se unen los característicos capuchones y las grúas de los astilleros, así como las nuevas indicaciones del Sistema de Señalización Turística Homologada, que destacan la importancia del evento en las carreteras de entrada a Ferrol.



Comienza el trabajo de cara a la edición de 2025, que será del 13 al 20 de abril

Una vez finalizada la Semana Santa de 2024, tanto la Junta de Cofradías como cada una de las cinco hermandades que la integran comienzan a

trabajar y poner el foco en la Semana Santa de 2025, que no será tan madrugadora como esta. La próxima Pasión se celebrará del 13 al 20 de abril y el car-

tel de Ferrol tendrá como protagonista, siguiendo el turno, a la Hermandad del Santo Entierro. Por otra parte, el presidente de la Junta General de

Cofradías, César Carreño, confirmó que seguirá al frente de la entidad un año más, hasta terminar la vigencia de su mandato en septiembre de 2025.

La Cofradía de las Angustias procesionó en su festividad por el barrio de Esteiro

La Cofradía de las Angustias celebró un año más la festividad de su titular el domingo anterior a la celebración del Corpus Christi. La mañana del domingo 26 de mayo comenzó con una misa solemne cantada por el Coro Armonía, tras la cual la Cofradía entregó su insignia a la delegada territorial de la Xunta, Martina Aneiros, y al Conselleiro de Cultura Román Rodríguez González, así como a los cofrades Nicolás Vizoso, tesorero; Alejandro Marticorena Vellón, contador; Manuel Aguirre Gonzá-



lez, vocal de Patrimonio, y Alejandro García París, jefe de la Banda, por su antigüedad y dedicación.

La Virgen salió a continuación en procesión por

Esteiro, con la Unidad de Música del Tercio Norte acompañando el desfile. De esta manera culminaba la novena en su honor, que se celebró del 17 al 25

de mayo, y la solemne veneración en los dos días anteriores a la procesión, en los que las Cofradías hermanadas, Merced y Soledad, se acercaron a realizar una ofrenda a la Virgen.

Al domingo siguiente, 2 de junio, se celebró la procesión del Corpus Christi. El Grupo Joven de Dolores realizó una alfombra floral en el atrio de la concatedral y consiguió mantenerla allí, pese al viento, hasta la salida de la procesión, que también estuvo presidida por el obispo y acompañada por la Banda del Tercio. •

La Virgen del Carmen saldrá de San Julián e irá acompañada por Acotaga

La Junta de Cofradías ultima la organización de la procesión de la Virgen del Carmen, que se celebrará el próximo lunes 15 de julio. A las 19:00h se realizará un acto mariano en la Concatedral de San Julián, lugar desde el que posteriormente partirá la procesión para recorrer la calle de la Iglesia, Sánchez Barcaiztegui, Real y San Francisco, para con-

tinuar por la calle Rastro y entrar en el Arsenal por la Puerta del Parque. El desfile irá acompañado en esta ocasión por la banda Acotaga.

La procesión terminará a los pies del muelle militar, donde se realizará una ofrenda floral. La imagen de la Virgen se quedará esa noche en la Sala de Armas del Arsenal para presidir al día si-



guiente por la mañana los actos de la Armada.

El mismo día 16, por la tarde, la Autoridad Portuaria celebrará su procesión marítima, también presidida por la imagen del Carmen y con el

acompañamiento de Acotaga. El desfile saldrá a las 19:00h por la Puerta de la Cortina y embarcará en el muelle más próximo. A su regreso, la imagen será portada hasta el Socorro, donde se retirará.

Los actos del Carmen se celebran por tercer año consecutivo en Ferrol, después de que la Junta de Cofradías tuviese la iniciativa de recuperar esta procesión en honor de la patrona de las gentes del mar. La Autoridad Portuaria y la Armada se implicaron también desde el primer momento para hacerlo realidad. •

Antonio Sixto, hermano mayor del Santo Entierro

"Vamos a hacer una réplica del Cristo del Desenclavo lo más exacta posible"

Antonio Sixto García "Toncho" es desde diciembre pasado el nuevo hermano mayor del Santo Entierro, una responsabilidad que asume con las tablas que dan el haber sido vicehermano mayor del anterior Consejo de Gobierno y el haber ocupado otros cargos que lo han mantenido siempre, prácticamente desde que ingresó hace unos quince años, dentro del órgano rector de la hermandad. Se abre con él una nueva etapa en la cofradía, después de unos años enfocada a implantar cambios de estructura y organización que la han hecho más abierta y moderna.

► ***Y los cambios han favorecido nuevas altas. ¿Cuántos cofrades tiene ahora el Santo Entierro?***

► Algo más de 140, de los que aproximadamente un centenar son hombres y unas 40 mujeres. Es verdad que esta hermandad nació con una vitola de "elitista", digamos, que no fue algo intencionado sino que estaba relacionado con la edad y la posición social de quienes la fundaron. Pero quien viene a esta cofradía no ha de tener nada especial. Estar



bautizado, presentar unos avales de cofrades que ya están aquí y cumplir las obligaciones, que tampoco son muchas.

► ***¿Cuáles?***

► A lo que te obliga la cofradía es a una misa mensual el último sábado de mes; la misa de difuntos, la de la patrona que es la Virgen del Rosario, los actos de la Semana Santa y el Corpus. Pertenecer a una cofradía no puede ser solo salir de procesión. Porque estás integrado en la Iglesia y hay que colaborar con ella, hacer caridad, hacer más cosas... Ya sé que somos una cofradía de Semana Santa y

es el momento de mayor intensidad, lógicamente, pero esto tiene que moverse todo el año.

► ***¿Qué proyectos tiene la hermandad?***

► El más importante es el Cristo del Desenclavo. La realidad es que la imagen del Cristo está en una situación muy mala, con un deterioro importante, así que lo que tenemos previsto es sustituirlo por otro nuevo. La idea es ligar el estreno a la conmemoración del 75 aniversario de la hermandad. Y podemos considerar que el año de nacimiento fue 1950, cuando se creó la cofradía, o 1951, cuan-

do fue la primera procesión con los cofrades de hábito. Es posible que la nueva imagen no llegue a tiempo para la Semana Santa de 2025, con lo que probablemente habrá que utilizar el antiguo una vez más, y conmemoraremos ese 75 aniversario en 2026 ya estrenando la talla.

► ***¿Cómo será el nuevo Cristo?***

► Lo que ya puedo decir es que vamos a encargar una réplica del actual y que se va a realizar utilizando la técnica del escaneado 3D. Nos hemos puesto en contacto con diferentes imagineros y estamos a las puertas de tomar la decisión final. Optamos por esta técnica, entre otras cosas, porque acorta mucho el tiempo. Se hace un escaneado de toda la figura y el imaginero tiene que desbastarlo, lijarlo, pulirlo y sobre todo darle la policromía. Vamos a hacer una réplica lo más exacta posible.

► ***En 2025, eso sí, el Santo Entierro protagonizará el cartel de la Semana Santa de Ferrol. ¿Cómo se elegirá la imagen?***

► Vamos a seleccionarla del enorme archivo fotográfico que ya tenemos. •

Novo número da revista de Dolores “Mater Misericordiae”

Na pasada Coresma, a Confraría de Dolores publicou un novo número da súa revista “Mater Misericordiae”, unha publicación que edita anualmente e que foi consolidándose nos últimos anos. Nela recóllen-se as actividades, actos e celebracións realizados no ano 2023 e adícanse parte das súas páxinas a artigos de divulgación e investigación, como os que abordan o 75 aniversario da primeira saída procesional de San Xoán Evanxelista ou a coexistencia de dous Cristos da Misericordia.

A revista púidose adquirir durante a pasada Coresma e Semana Santa



nos establecementos colaboradores, así como na Casa de Irmandade. A día de hoxe, a revista tamén está colgada para a súa descarga en formato dixital na web da confraría -www.cofradiadedolores.org-, no apartado “Boletín Anual”. •

O mundo confrade chora a perda de Justo Brotóns

O mundo confrade perdeu o pasado 16 de abril a Justo Brotóns Rey, un home que coñeceu, viviu e amou intensamente a Semana Santa de Ferrol. Faleceu con 80 anos, vítima dun cancro por exposición ao amianto, despois de asistir en marzo ás súas últimas procesións desde un balcón que o seu fillo reservou para el no hotel Suízo

-con el aparece na foto, de Roberto Marín-. Brotóns Rey foi un fiel devoto do Ecce Homo, fundador da Irmandade que se creou co seu nome en 1967 e prioste da mesma.

As redes sociais enchéronse de condolencias polo seu falecemento, en innumerables comentarios que destacaron a súa bondade e o seu agarimo pola Paixón Ferrolá. •



Colaboración coa III Andaina Solidaria de Cáritas

As confrarías penitenciais de Ferrol colaboraron un ano máis con Cáritas na organización da Andaina Solidaria, facilitando nos seus locais a compra dos dorsais. Tamén foron moitos os confrades que participaron o día 1 de xuño no percorrido, que

nesta terceira edición adicouse á memoria de Carmela Primo, traballadora social da entidade, e que serviu de novo para reunir fondos para persoas desfavorecidas.

Antonio Valín, novo bispo de Tui-Vigo

O Papa Francisco nomeou recentemente ao sacerdote Antonio Valín Valdés, vicario xeral da

Diocese de Mondoñedo-Ferrol desde 2021, como bispo de Tui-Vigo. O sacerdote Gonzalo Varela Alvariño foi designado pouco despois como novo vicario xeral.

Encontro do bispo García Cadiñanos coa Xunta de Confradías

No marco da súa visita pastoral, o bispo de Mondoñedo Ferrol,

Monseñor García Cadiñanos, celebrou nestes últimos meses encontros coas confrarías penitenciais e tamén unha xuntanza coa Xunta de Confrarías.



O Cristo dos Navegantes saíu por Ferrol Vello no seu 75 aniversario

A Confraría da Soidade celebrou o pasado 4 de maio unha eucaristía e unha procesión extraordinaria para conmemorar o 75 aniversario (1949-2024) da actual imaxe do Cristo dos Navegantes. Deste xeito, a irmandade retomou os actos e preparativos que tiña programados para o Mércores Santo e que as inclemencias meteorolóxicas impediron levar a cabo.

A comitiva fixo o seu percorrido polas rúas de Ferrol Vello e entrou no Arsenal pola Porta do Parque. Dentro, a Agrupación Musical Stmo. Cristo da Boa Morte, encargada do acompañamento musical, interpretou "A morte non é o final" mentres se facía



unha ofrenda floral. Multitude de fieis acompañaron á imaxe polo recinto militar ata que saíu pola porta do Cortiña. Unha vez fóra, a procesión continuou pola avenida da Mariña ata retirarse na igrexa do Socorro.

En 1948, Enrique Carballido recibiu o encargo de crear unha nova

imaxe do Cristo dos Navegantes, xa que a antiga xa estaba nun estado moi delicado, para poder saír de procesión. En xaneiro de 1949 fíxose a entrega da nova imaxe, e dende ese ano procesiona cada Mércores Santo por Ferrol Vello, deixando exposta ao culto a imaxe orixinal no Socorro. •

As confrarías colaboran na atención aos peregrinos do Camiño Inglés

A Diocese e as confrarías penitenciais de Ferrol acordaron recentemente colaborar no esforzo de manter abertas na cidade varias igrexas que funcionarán como puntos de acollida aos peregrinos. Ferrol é punto de partida de miles de persoas que inician aquí cada ano o Camiño Inglés a Compostela, moitos deles cunha motivación relixiosa, motivo polo que desde a Diocese se está a impulsar, desde hai tempo, a mellora dos servizos para estes viaxeiros.

Xa en 2023 a igrexa das Angustias ampliou o seu horario con este obxectivo, o de prestar atención espiritual aos peregrinos que comezan aquí o seu itinerario. Recentemente fíxoo tamén o templo do Socorro, e agora súmanse San Xiao e a Mercé. Os horarios poden consultarse na web da Semana Santa Santa de Ferrol, ao igual que na páxina que a Diocese creou para ofrecer información aos peregrinos, non só os do Camiño Inglés senón tamén os dos itinerarios do Norte e do Mar, que tamén discorren polo territorio diocesano.

IMAXES PARA A HISTORIA

Foto orixinal do arquivo de Antonio Sixto Garcia, restaurada e coloreada por Francisco de la Iglesia

Venres Santo de 1937: non procesionaban aínda confrades vestidos con hábito e a Virxe de Dolores ía portada sobre unha sinxela peana e custodiada por mariñeiros. A súa imaxe e a de San Xoán acompañaban á Urna para o Santo Enterro, coa banda do Rexemento de Artillería de Costa Nº 2 pechando a comitiva. Aparece en primeiro plano Pedro Castro, un dos grandes impulsores da moderna Semana Santa de Ferrol.



PAIXÓN X FERROL

Novidades da Semana Santa 2024



Malia a adversa meteoroloxía que marcou a Paixón Ferrolá de 2024, puideron saír de estrea as novas imaxes de Xesús atado á Columna, da Confraría de Dolores, e Xesús da Humildade no Bico de Xudas, da Mercé.

As portas es-
tiveron por
primeira vez abe-
rtas no corralón de
Dolores, para que a
xente vira as imaxes
preparadas para as
procesións, e tamén
na entronización
de Nosa Señora dos
Cativos, no interior
da capela da Mercé.



O Gozoso Encontro foi na praza de Armas e Cristo Resucitado saiu por primeira vez desde San Xiao. Era xa habitual a presenza da música galega, da man da agrupación Agarimo de Catabois, pero ademais este ano bailou o Toxos e Froles. A procesión foi pasada por auge, porén as confrarías agradeceron o alento que chegou do público, que non deixou de aplaudir ao seu paso.

BOLETÍN INFORMATIVO DA XUNTA XERAL DE CONFRARÍAS E IRMANDADES DA SEMANA SANTA DE FERROL • Maquetación e contidos: Pingota Comunicación